

### EMPRESA

Convocadas para o día 26 as eleccións á xunta directiva da patronal P3

### COMARCA

Fronte común para defender a permanencia dos xulgados en Arzúa P14

### CULTURA

Melide aspira a ser escenario de rodaxe dunha película sobre Machado P20

### ENTREVISTA



**Antonio Romero, Romero Zapaterías**



## A por outros 25 anos máis!

A Asociación de Empresarios Terra de Melide puxo punto e final aos actos de celebración das súas vodas de prata cunha cea de confraternidade á que asistiron preto de 200 persoas e na que se selou o compromiso

de “seguir loitando unidos polo progreso da comarca durante moitos anos máis”. Na velada Asetem homenaxeou aos seus seis presidentes e recibiu a medalla de ouro da Federación de Autónomos de Galicia. P 5-6



MEDALLA DE OURO DE FEAGA 2014



PREMIO Á DEFENSA DO IDIOMA NA TERRA DE MELIDE

### Cita co deporte da man das motos e a media maratón




Dous eventos deportivos de relevancia terán lugar na vila este mes de xuño: a carreira “Os 21 do Camiño” e a concentración moteira dos Millí Riders. P19

### Asetem introduce cambios na ruta “Melide de Tapas”



O concurso de petiscos organizado pola patronal celebrarase nas fins de semana comprendidas entre o 13 e o 28 de xuño. Nesta 5ª edición participan 19 bares. P11



## JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com  
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

## Editorial

### Condena ao rural

Poucas veces acontece, aínda que debería ser algo habitual, que a defensa dos dereitos e dos intereses dos cidadáns está por enriba das cores políticas. Vivimos estes días na comarca un deses momentos tan excepcionais como loables a conta do futuro incerto do partido xudicial de Arzúa.

O artífice deste consenso insólito que puxo de acordo non só ao municipalismo en xeral, senón tamén a xuíces, fiscais, avogados, empresarios e plataformas sociais, non é outro que o ministro Alberto Rúiz Gallardón. Co seu anteproxecto de Ley Orgánica del Poder Judicial, e baixo o pretexto dunha necesaria axilización da xustiza, busca borrar do mapa os 7.683 xulgados de paz, 431 partidos xudiciais e 55 audiencias provinciais que existen en España.

No que a Galicia se refire, desaparecerían 41 dos 45 partidos xudiciais existentes, o de Arzúa incluído, en favor dos tribunais de instancia, que se concentrarían só nas capitais de provincia. A materialización desta nova lei tería un impacto demoledor no rural galego en xeral e na nosa comarca en particular. A supresión dos xulgados de Arzúa, nos que ingresaron o ano pasado 2.221 asuntos por vía penal e civil, dificultaría o acceso dos preto de 28.000 habitantes da súa área de influencia a un servizo

básico como é a xustiza.

Detrás desta proposta de reforma agóchase a intención de centralizar a xustiza aplicando o mesmo patrón a todo o territorio e obviando os prexuízos que se causan naquelas comunidades que presentan singularidades, como Galicia e a súa dispersión poboacional. Moitos cidadáns terán que desprazarse preto de 100 quilómetros para acudir aos tribunais, co custo engadido que iso representa. Non esquezamos a perda de postos de traballo e o prexuízo económico que ocasionaría en áreas rurais nas que un partido xudicial é tamén un axente dinamizador.

Non cabe dúbida de que estamos ante un importante retroceso nos dereitos dos cidadáns para o acceso á xustiza

en condicións de igualdade, unha realidade que contradí esa máxima de que a Administración ten que achegar os servizos á xente, non afastalos.

O verdadeiramente preocupante é que chove sobre mollado. Nos últimos tempos estanse a dar demasiados pasos cara á desaparición dos concellos como estrutura administrativa e do propio medio rural. A lei de reforma da administración local, que limita as competencias municipais, é un exemplo. O proxecto de reforma xudicial, que pretende suprimir os órganos máis próximos aos cidadáns, é outro. Ataque tras ataque, remataremos por ir vivir a unha cidade se queremos ter uns servizos dignos. Unámonos e loitemos para que se faga xustiza co rural.



## Tribuna de opinión

### A voltas

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Unha volta máis. A rotonda do cruce de Santa María non se construíra. Polo menos no que ao futuro inmediato se refire. O Ministerio de Fomento decidiu gardar no caixón por tempo indefinido un proxecto necesario para Melide ao que se lle leva dando voltas moitos anos. Quizais demasiadas.

A noticia non é boa por dous motivos fundamentais. O primeiro porque seguiremos correndo o risco de ter un accidente cada vez que pasemos co noso vehículo por ese punto; veñamos de Santiago, de Lugo, de Visantón ou de Sabián, sexamos veciños da vila ou sexamos algún dos miles de peregrinos que cruzan cada ano esa estrada na súa ruta cara a Santiago. O déficit de seguridade persiste e os problemas de visibilidade ta-

mén. Todos sabemos que, antes ou despois, haberá novos accidentes. Oxalá non sexan deses que pola súa envergadura fan reaccionar e ante os que logo ninguén quere asumir responsabilidades.

O segundo motivo é que estamos ante un novo exemplo de mala xestión e de cartos tirados. Cartos de todos nós. Construír unha rotonda como a de Santa María é máis unha cuestión de vontade ca de orzamento. A falta de interese é flagrante neste caso, pois o máis difícil xa estaba feito: púxose aos veciños de acordo, pagóuselles unha indemnización aos propietarios dos terreos e redactouse o proxecto. A que agardan para facelo? A que haxa máis e máis accidentes? Ata cando seguiremos dando voltas na rotonda?

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Iván G. Blanco

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓN:** José Manuel Ayude, Minia Varela

**AGRADECIMENTOS:** Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

## ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	13
-COMARCA.....	14
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓN.....	22
-ENTREVISTA.....	23

## Asetem celebra eleccións á xunta directiva o próximo 26 de xuño

Os socios que o desexen poderán presentar a súa candidatura na sede da patronal ata o día 19

Os socios e socias de Asetem están chamados a votar este mes de xuño para escoller ás persoas que os representarán durante os vindeiros catro anos, xa que a patronal melidense celebrará eleccións á xunta directiva o próximo día 26. Será no transcurso dunha asemblea xeral extraordinaria, convocada para as 22:00 horas en primeira convocatoria e para as 22:30 en segunda, que terá lugar no salón de actos de Asetem e na que se tratará como único punto na orde do día a renovación de cargos.

Os socios interesados en acceder á presidencia de Asetem terán de prazo ata o día 19 para presentar nas oficinas da patronal as súas respectivas candidaturas, que terán que estar avaladas por un mínimo de seis persoas e un máximo de doce.

O actual equipo directivo xa manifestou a súa intención de optar á reelección e, á espera de decidir quen será a persoa que encabece a lista, é de momento a única candidatura que se presentará. En caso de non haber ningunha outra, será proclamada de



Reconto de votos nas últimas eleccións, celebradas en 2010

xeito automático. De aparecer unha ou máis alternativas, serán os socios quen teñan a última palabra.

A votación será secreta e realizarase ante unha mesa composta polo actual secretario de Asetem, José Ramón Villamor, e por dúas persoas elixidas ao azar entre as asistentes. Ao remate da votación procederá ao reconto de papeletas e anunciarase a candidatura gañadora. O reparto de cargos da xunta directiva electa realizarase á semana seguinte, no transcurso da primeira reunión do novo equipo.

### Asemblea ordinaria

Antes de elixir a nova xunta directiva, celebrarase a asemblea xeral ordinaria, fixada para as 21:00 horas en primeira convocatoria e para as 21:30 horas en segunda.

A orde do día, que contempla cinco puntos, dará co-

mezo coa lectura e aprobación da acta anterior, se procede. A continuación, someteranse tamén á aprobación dos socios as contas do exercicio 2013 e de seguido a vicepresidenta de Asetem, Elena Quintas, presentará a memoria de actividades realizadas e os obxectivos para o presente ano. No cuarto punto da orde do día abordaranse as axudas da Xunta de Galicia para as asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro e centros comerciais abertos. Pecharase a sesión cos rogos e preguntas que queiran realizar as persoas asistentes.

A xunta directiva comunica que os socios que desexen coñecer o balance de contas antes da celebración da asemblea, poderán pasar a consultas polas oficinas de Asetem, onde gustosamente os atenderán en horario de 8:30 a 13:00 horas.

## AXUDAS E SUBVENCIONS

### PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO (DOG nº 100 do 27/05/2014)

Beneficiarios:

Persoas desempregadas, inscritas no SEPE, autónomos ou membros de sociedades civís ou comunidades de bens, que causen alta entre o 01/10/2013 e o 30/09/2014.

Liñas de axuda:

- Subvención polo establecemento como autónomo:

Investimento mínimo en inmovilizado de 3.000 euros/solicitante (IVE excluído), realizado nos tres meses anteriores ao inicio da actividade e nos seis seguintes.

Axuda: entre 5.000 e 10.000 euros, segundo o colectivo ó que se pertenza.

- Subvención financeira:

Contía: a equivalente á redución de ata 4 puntos do tipo de xuro, dos 8 primeiros anos de vixencia do préstamo.

Prazo de presentación: remata o 30/09/2014.

Obrigas: realizar a actividade un mínimo de 2 anos.

### PROGRAMA PROMOCIÓN DE EMPREGO AUTÓNOMO XOVES MENORES DE 30 ANOS

Os menores de 30 anos que cumpran os requisitos para ser beneficiarios teñen ademais do anteriormente citado as seguintes opcións:

- Se o investimento é superior a 5.000 euros/solicitante (IVE excluído), poderase obter incrementos da contía anterior que varían entre 1.000 e 2.600 euros, en función do colectivo.

- Subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil:

Non require investimento, só causar alta en autónomos entre o 27/05/2014 e o 30/09/2014.

Contía: 1.200 euros. (Incompatible coas outras liñas de axuda)

### INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS (DOG nº 105 do 04/06/2014)

Liñas:

- Programa de incentivos á contratación indefinida inicial, á transformación de contratos temporais en indefinidos, á contratación temporal de colectivos en risco de exclusión social, á formación e á aprendizaxe, á contratación temporal de persoas mozas desempregadas menores de 30 anos.

Información facilitada por CC XESTIÓN  
R/ Florentino L. Cuevillas, 2 - Tlf: 881 973 307



## !!NUEVO!! COSALUD VITAL

“ASISTENCIA SANITARIA PRIVADA”

Cuadro médico propio con más de 25.000 profesionales

Desde el 15% de descuento en tu Seguro Vida hasta el 31 de Diciembre\*. Tráenos tu póliza actual o pregúntanos si aún no disfrutas de ella.

\* Ver condiciones de oferta en la oficina

**SEGUROS DENTALES  
DESDE ¡¡¡ 36 € !!!**

(Limpieza bucal anual incluída, coste aproximado 40€)

**Rodrigo Fernández Pombo**

Agente de seguros exclusivo

Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra

Nº 113 Bajo - 15800 Melide

Tlf/ Fax: 981506495

Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com





## ESPIÑO

VENTA: PISOS, DÚPLEX, LOCALES COMERCIALES,  
APARTAMENTOS, PLAZAS DE GARAJE.

- Construcción de edificios de viviendas.
- Construcción de viviendas unifamiliares.
- Construcción de naves industriales.
- Reformas y decoración de viviendas y locales.

Tfno./Fax: 981 507 729 - Móvil: 617 305 570 • E-mail: m.espiño@const  
C/. Concepción Arenal, 5, bajo - 15800 MELIDE (A Coruña)



**ÁRIDOS ARENAS ZAHORRAS**

Furelos s/n MELIDE (A Coruña)  
Tif: 981 505 576

DISTRIBUCIONES



- DESDE 1910 -

Tfno.: 981 50 51 03 • Mateo Segade Bugueiro, 39 -

**HOSPEDAJE - BAR  
RESTAURANTE**

## Novo Continente

Telf: 981 50 61 82 - 699 61 37 59  
C/ Luis Seoane, 8 - MELIDE (A Coruña)



Especialidad en:

- Pizzas
- Pastas
- Platos combinados

**SERVICIO A DOMICILIO**

**Nuevo Número**

Tfno.: **981 81 53 54**

Ctra. de Santiago

15.800 MELIDE (A Coruña)

*A por outros 25 anos máis!*

## Asetem culmina a celebración do seu 25º aniversario cunha cea á que asisten preto de 200 persoas

A Asociación de Empresarios Terra de Melide puxo punto e final ao actos de celebración do seu 25º aniversario cunha cea de confraternidade á que asistiron preto de 200 persoas entre socios e socias, autoridades e veciños da comarca.

O convite, que se celebrou o pasado 30 de maio no Hotel Carlos 96 de Melide, comezou dun xeito moi emotivo coa proxección dun vídeo gravado por Asetem a comezos dos anos 90 no que se expoñían os obxectivos da asociación e se facía unha breve descrición de cada unha das empresas que a integraban, a maioría das cales aínda seguen en funcionamento a día de hoxe.

De seguido, a actual presidenta da patronal melidense, Sonia Valiño, tomou a palabra para dirixirse aos asistentes e facer un resumo de 25 anos de traballo nos que a asociación evolucionou “ata consolidarse como unha entidade activa que traballa polos intereses da comarca”. Valiño quixo agradecer a contribución de todos os presidentes que pasaron por Asetem, dos traballadores, dos xornalistas e dos socios que durante este tempo mantiveron con vida a asociación. “Vós sodes a esencia deste gran proxecto”, dixo Valiño, “grazas a vós temos unha entidades dinámica e saneada economicamente que nos permite asegurar que hai moito futuro por diante. Pídevos que nunca deixedes de crer na utilidade de Asetem e que confíedes nas potencialidades de Melide e da súa comarca”, concluíu.

### MEDALLA DE OURO DE FEAGA



Javier Pérez Bello, presidente de FEAGA, e Sonia Valiño

A Federación de Autónomos de Galicia decidiu outorgarlle este ano a súa medalla de ouro á Asetem-Cca “polo labor realizado ao longo deste tempo en favor dos profesionais autónomos da comarca”. O propio presidente de FEAGA, Javier Pérez Bello, aproveitou a súa asistencia á cea de confraternidade para facerlle entrega do galardón a Sonia Valiño e para destacar a “defensa dos intereses comúns” que sempre caracterizou á patronal melidense. Asetem súmase así a outras entidades de reconocido prestixio, como a Cociña económica da Coruña ou a Asociación de Doantes de Sangue, que recibiron con anterioridade a medalla de FEAGA.



José Antonio Rodríguez, Pedro J. Gómez, Pilar López (Xerenta de Asetem), Julio Villamor, Sonia Valiño, Sol Vázquez (Directora Xeral de Comercio), Horacio Blanco e José Quintas

### HOMENAXE AOS SEIS PRESIDENTES

A celebración do 25º aniversario de Asetem tiña reservado un momento moi especial; o de recoñecer o traballo das persoas que máis se implicaron na asociación e que máis creon na súa utilidade: os 6 presidentes que tivo Asetem nestes 25 anos. A directora xeral de comercio, Sol Vázquez Abeal, entregoulle a cada un deles un diploma de agradecemento en nome de todos os socios e do pobo de Melide. No documento podía ler a seguinte inscrición: “A Asociación de Empresarios Terra de Melide reconece a decidida colaboración prestada por vostede en calidade de presidente, así como a súa contribución ao desenvolvemento de Asetem e ao progreso económico de Melide e a súa comarca”.

O primeiro en recollelo foi Horacio Blanco, presidente entre 1989 e 1990 e primeira cara visible de Asetem. El tivo a honra de formar parte dese grupo de xente que impulsou a asociación e que sentou unhas bases sólidas que lle permitiron chegar á actualidade. A continuación entregóuselle o diploma a José Quintas, que dirixiu a asociación entre os anos 1990 e 2000, un período no que Asetem uniu forzas co Concello e presionou para conseguir importantes melloras a nivel de servizos e infraestruturas. Destacan a construción dunha subestación eléctrica para evitar os continuos cortes de luz, a captación de auga no Río Furelos ou a

creación do polígono da Madanela. O terceiro presidente de Asetem foi Pedro J. Gómez (2000-2001), quen se esforzou por facer a asociación máis eficiente e dinámica, puxo en marcha a páxina web como escaparate de todo o que se facía dende o empresario de Melide e impulsou acordos con entidades bancarias e outras confederacións de empresarios.

Tamén recibiu un diploma de agradecemento Julio Villamor. Durante o seu mandato, entre os anos 2001 e 2002, Asetem conseguiu mercar un baixo para ter unha sede propia. Foi unha das pezas clave para que autovía Lugo – Santiago pasara preto de Melide. O seguinte ex presidente en recibir o diploma foi José Antonio Rodríguez. Baixo o seu mandato Asetem conseguiu dous grandes logros: converterse en Centro Comercial Aberto, o que fixo multiplicar tanto o orzamento como o número de socios, e poñer en marcha o xornal Cerne. Levou as rendas da asociación entre os anos 2002 e 2010. Por último, fíxose entrega do diploma de agradecemento á actual presidenta da patronal melidense, Sonia Valiño. Con ela Asetem fíxose máis forte tras asinar a fusión con Vila de Melide, un paso importante que marcou o inicio do seu mandato, no que se puxeron en marcha eventos de envergadura como o Salón da Voda e campañas de éxito hoxe consolidadas como a Ruta de Tapas.

## A por outros 25 anos máis!

### CON TODO O APOIO DO SECTOR

Na cea do 25º aniversario, os socios e socias de Asetem estiveron acompañados por representantes das principais asociacións de empresarios, comerciantes e autónomos da provincia, así como pola Directora Xeral de Comercio, Sol Vázquez Abeal. Tampouco faltaron membros do goberno e da corporación de Melide, así como os alcaldes da comarca. A presenza de todos eles non pode interpretarse máis que como unha mostra de apoio e de consideración das entidades que representan cara á Asetem e o labor que desenvolve.

Algúns destes convidados participaron nun espazo de intervencións previo á sobremesa no que dirixiron unha palabra a todos os asistentes. O primeiro en falar foi o presidente da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), Antonio Fontenla Ramil, quen destacou o carácter excepcional da Asociación de Empresarios da Terra de Melide: “pocas asociacións han llegado tan lejos en el estado que llegó Asetem, cohesionando tan bien a todas las empresas”, sinalou Fontenla, “sois pertinaces y consistentes”. O presidente da CEC referiuse á situación xeográfica privilexiada da Terra de Melide e animou a utilizar esa vantaxe como motor de progreso ao tempo que incidiu na necesidade de “desarrollar el sector hotelero y potenciar la hostelería”. Por último, convidou ao empresarios locais a “tecnificarse mucho más para avanzar tecnológicamente”.

A continuación tomou a palabra o presidente da Federación Provincial de Comercio, Miguel Agromayor, quen puxo o foco no pouco que aproveita o pequeno comercio as vantaxes tecnolóxicas e na importancia de ser competitivos. Pola súa parte, o presidente da Federación de Autónomos de Galicia (Feaga), Francisco Javier Pérez Bello, aproveitou a súa presenza na cea do 25º aniversario para esixir “un novo contexto de financiamento” así como políticas activas “para revertir o descenso no número de autónomos”, profesionais aos que definiu como “vertebradores da sociedade”.

Por último, e para pechar a quenda de intervencións, a directora xeral de Comercio, Sol Vázquez Abeal, quixo facer un agradecemento especial “ás persoas que en 1.989 comezaron esta andaina apostando pola asociación. O tempo demostrounos a todos que estaban no certo”. Vázquez Abeal loou tamén a capacidade das empresas de Melide para permanecer 25 anos unidas.



Miguel Agromayor, presidente da Federación Provincial de Comercio, tamén lle fixo entrega dun agasallo a Asetem



### OS SOCIOS, PROTAGONISTAS DA NOITE

Foron os convidados de excepción a unha cea pensada para eles e os socios e socias de Asetem responderon como merecía a ocasión. Preto de 200 persoas ateigaron o comedor do Hotel Carlos 96, que case quedou pequeno,

para compartir unha noite de conversas, aplausos e recordos acompañados dun menú a base de lagostinos á grella, bacallau á brasa, tenreira e doces da comarca. O grupo *Leirabuxo* púxolle música á velada.



Membros de Asetem e do SNL da Terra de Melide trala entrega do premio

### PREMIO Á DEFENSA DO IDIOMA

Asetem viviu no seu 25º aniversario un dos seus momentos máis doces, pois ademais das mostras de cariño recibidas, chegaron tamén importantes recoñecementos. É o caso do Premio á Defensa do Idioma, que o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da Terra de Melide lle outorgou ao xornal Cerne, editado pola patronal dende o ano 2004. A entrega do galardón, unha figura de Rosalía

de Castro elaborada en cerámica de Sargadelos, celebrouse o pasado 24 de maio na casa da Cultura de Melide. Os membros do SNL valoraron o feito de que o Cerne leve dez anos “informando en galego, publicitando en galego e achegando o galego de xeito gratuito ás familias da comarca”. Tamén destacaron o uso que Asetem fai da lingua propia “en todas as súas facetas comunicativas”.

## CaixaNegocios

Llevamos la oficina de "la Caixa" a tu negocio



Dos cuentas con un único saldo

Descuento del 5% en carburantes<sup>4</sup>

Financiación por facturación de tu TPV

Descuento del 10% en seguros en promoción<sup>1</sup>

Conecta con tu gestor siempre que lo necesites



Para más información, consulta [www.CaixaNegocios.es](http://www.CaixaNegocios.es)

### Estamos más cerca que nunca de tu negocio

En "la Caixa", pensamos que la mejor manera de ayudarte en la gestión de tu negocio es hacerlo en persona. Por eso, hemos creado una nueva forma de hacer negocios que cambiará la relación con tu oficina de "la Caixa", poniendo a tu servicio un gestor especializado que irá a verte para que no tengas que desplazarte y que te ayudará a realizar los trámites que harías en tu oficina.

Y además, descubrirás las **soluciones de protección, gestión y financiación** que mejor se adaptan a tus necesidades y las de tu negocio.

### Te ayudamos en las gestiones diarias

Te ofrecemos soluciones para aumentar la eficiencia de tu negocio y te acercamos las mejores herramientas de gestión.

#### • Cuenta Negocio

Gestiona tu cuenta, realiza operaciones de cobros y pagos y ahórrate costes<sup>1</sup> por:

- Mantenimiento y administración
- Tarjeta de débito para el titular y un beneficiario
- Ingresos de cheques<sup>2</sup>
- Transferencias por autoservicio<sup>2</sup>
- Línea Abierta y correspondencia on-line
- Tarjeta Ingresos 24 horas

### Las mejores soluciones de financiación

Con nuestra oferta de financiación<sup>3</sup>, te ayudamos a encontrar la mejor manera de avanzar en tu negocio.

#### • Anticipo de Facturación

Podrás disponer de circulante hasta 2 mensualidades<sup>3</sup> de la facturación de tu TPV, con un importe mínimo de 1.000 € y un máximo de 12.000 €.

#### • Financiación de circulante

Nos adaptamos a tu negocio para proporcionarte flexibilidad en tus compras o anticiparte tus cobros.

- Cuenta de crédito Negocios **bonificada**
- Línea de financiación de circulante

#### • Financiación de Inversores

Impulsamos tu espíritu emprendedor y tu negocio con asesoramiento especializado.

- Préstamo Negocios **bonificado**
- Préstamos ICO
- Leasing
- Renting

### Trabaja con toda la seguridad

Te proponemos una amplia gama de seguros para proteger todo lo que forma parte de tu negocio. Además, podrás agruparlos en el **Pack multiSeguros Negocios<sup>4</sup>**.

#### • Seguridad para tu negocio

Protege tu negocio y su infraestructura, y asegúrate la mejor respuesta ante cualquier imprevisto o accidente, tanto si se trata de tus instalaciones, como si es cuestión de asesoría jurídica o de asistencia informática, pérdida de documentos o coberturas y asistencia completa para vehículos comerciales.

#### • Seguridad para ti y los tuyos

Te ofrecemos los mejores **seguros de vida y accidentes**, para que tanto tú, como tu familia y los que trabajan contigo

#### • multiCuenta Negocio<sup>5</sup>

Dos cuentas independientes, una para uso profesional y otra para uso particular, que aunque funcionan por separado con sus propios cargos y abonos, operan con un único saldo conjunto en caso de necesidad de fondos en una de ellas.

#### • Tarjeta MasterCard Professional de crédito

Gestiona el día a día de tu negocio ahorrando dinero en carburantes y disfrutando de muchas ventajas más:

- **Descuento del 5% en carburantes** en estaciones Repsol, Campsa y Petronor<sup>4</sup> y factura mensual desglosada con el IVA de estas operaciones
- **VIA-T gratuito<sup>5</sup>**
- **Cuota de mantenimiento de la tarjeta, gratis<sup>6</sup>**
- **Puntos Estrella**
- **Servicio gratuito CaixaProtect<sup>7</sup>** contra robo y fraude

#### • multiTarjeta Negocio<sup>8</sup>

Podrás separar tus gastos personales de los profesionales, a través de dos tarjetas de crédito: la MasterCard Professional, para los gastos del negocio, y la Visa Classic, para los particulares, domiciliadas cada una en su correspondiente cuenta, pero con un único límite común de crédito.

#### • TPV bonificado

Ahora, con el TPV bonificado podrás disfrutar de una tarifa reducida en la tasa de descuento sobre las ventas que tus clientes te abonen con tarjetas tanto de "la Caixa" como de otras entidades.

dispongáis de todas las coberturas en caso de accidente, incapacidad temporal, invalidez o fallecimiento. Además, podrás acceder al mejor servicio y atención con nuestros **seguros de salud**.

#### • Seguridad en tu actividad

Con nuestra gama de seguros de **responsabilidad civil**, disfrutarás de la tranquilidad de tener asegurados a quienes trabajan contigo. Además, podrás cubrir posibles indemnizaciones y reclamaciones de terceros, defensa jurídica y accidentes.

### Consigue este smartphone o esta tablet

Llévate una **tablet LG GPad 8.3** o un **smartphone LG Optimus L9 II<sup>9</sup>**: tendrás tu oficina on-line siempre a mano y podrás conectar con tu gestor cuando lo necesites.

Condiciones para conseguir tu tablet o tu smartphone:

- Primera domiciliación del pago de la Seguridad Social de autónomos o mutualidad equivalente
- Ingresos profesionales mensuales superiores a 600 €
- 3 cargos de recibos al trimestre
- 3 compras con tarjeta en comercios al trimestre
- Permanencia de 12 meses

Si ya tienes los ingresos profesionales domiciliados, consulta en tu oficina formas alternativas de conseguir el **smartphone** o la **tablet**.




**→ → Camino de Santiago →**

**Imprescindibles del peregrino en Melide**



**Melide, where you will find everything you need**



Desayunos  
Sandwiches  
Hamburguesas  
Bocadillos fríos  
Bocadillos calientes  
Platos combinados  
Raciones - Ensaladas  
Comida para llevar

Tel: 981 50 90 18  
Rúa San Antonio, 3 - MELIDE



**CAFETERÍA Y CHURRERÍA**

**DESAYUNOS, CHURROS BOCADILLOS**

Desde las 6 a.m. **Cátedra, 1 MELIDE**



CARTA	COMIDA MEXICANA
- Pulpo	- Quesadillas
- Secreto de cerdo a la parrila	- Tacos dorados
- Entrecot de buey a la piedra	- Enchiladas
- Bacalao y más...	- Tacos variados y más...

Avda. Lugo, 22 MELIDE Telf.: 981 50 75 10



**Garnacha Pulpería**

CAMINO VELLO DE SANTIAGO 2 - MELIDE - A CORUÑA  
TEL: 981 507 347 / 605 88 32 68  
garnachamelide@gmail.com

**Xamonería Garceiras**

Especialidad en:

- \* TOSTAS desde 3,80 €, 14 Variedades
- \* TORTILLAS desde 4,20 €, 11 Variedades
- \* SARTENADAS 4 €, 10 Variedades

Además... tablas de ibéricos, ensaladas, raxo con patatas

Tel: 881 95 70 74  
C/ Gaiteiros Os Garceiras, nº1  
A 25 mts. del parque Cantón de San Roque **PEDIDOS PARA LLEVAR**



\* Almorzos  
\* Menú do día  
\* Especialidade en pulpo e carnes galegas  
\* Habitaciones  
\* Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560  
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE  
www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es



**M40**

**Cantón de San Roque, 40 - MELIDE Tlf: 981 507 344**






## CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

**Avda de Lugo, 25  
MELIDE (A Coruña)**





O d'PEQUE

Rúa Principal, 6 - MELIDE  
Telf: 696 77 41 63

## ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial  
M vil:678 543 240

Pol gono Industrial do Tambre  
V a Galileo,9  
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
www.eruom.com

Tel. 981 519 999  
Fax. 981 519 191  
comercial@eruom.com

<p><b>D.O. Ca. Rioja</b> Allende Muga Obalo Arnegui Azpilicueta Rioja Bordón Ramón Bilbao Marqués de Terán Marqués de Riscal</p> <p><b>D.O. Ribera del Duero</b> Tarsus PradoRey Cruz de Alba Condado de Oriza Dominio de Atauta Pago de los Capellanes</p> <p><b>D.O. Rueda</b> Naia Monteblanco</p> <p><b>D.O. Ribeiro</b> Viña Costeira</p>	<p><b>D.O. Vinos de Madrid</b> Tagonius</p> <p><b>D.O. Somontano</b> Pirineos</p> <p><b>D.O. Bierzo</b> Dominio de Tares</p> <p><b>Vinos del mundo</b> Argentina, Australia, Chile</p> <p><b>D.O. Navarra</b> Castillo de Javier Palacio de la Vega</p> <p><b>D.O. Bierzo</b> Dominio de Tares</p> <p><b>D.O. Toro</b> Fariña</p> <p><b>V.T. Castilla y León</b> Dominio DosTares Viñas del Cénit</p>	<p><b>V.T. Castilla</b> Mano a Mano &amp; Venta La Ossa Pago del Vicario</p> <p><b>D.O. Rías Baixas</b> Nora Lusco Veigadares Terra D´Ouro Viña Sobreira Mar de Frades Señorío de Sobral</p> <p><b>D.O. Valdeorras</b> Galgueira</p> <p><b>D.O. Ribeira Sacra</b> Pincelo &amp; 1985</p> <p><b>Champagne</b> Perrier Jouët</p> <p><b>Aceite ArteOliva</b> <b>Agua Solán de Cabras</b></p>
--	---	---





**ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS  
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA**



Ana Marcos Cardo

Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB  
15800 - MELIDE (A Coruña)  
Tlf: 981 50 57 05

## AHORA EN MELIDE MULTIÓPTICAS

Tábora

Nº1 en  
servicios  
ópticos



***Abrimos los sábados mañana y tarde***

Multiópticas Tábora  
Ronda da Coruña, 20 Bajo  
15800 Melide- A Coruña  
Tlfn.: 981 50 51 99

***Multiópticas y  
Microaudio***

## Chega con máis novidades ca nunca a quinta edición do *Melide de Tapas*

Xa está a converterse nun clásico da antesala do verán. A ruta *Melide de Tapas*, organizada por Asetem-Cca, volve fiel á súa cita e faino nesta quinta edición cargada de novidades.

As datas e os horarios serán das poucas cousas que non cambien: será nas fins de semana comprendidas entre os días 13 e 28 de xuño cando os clientes poidan degustar os saborosos petiscos servidos por 19 locais hostaleiros da vila. Os horarios de degustación tamén serán os mesmos de sempre: venres de 20:00 a 23:00 horas e sábados de 13:00 a 15:00 horas pola mañá e de 20:00 a 23:00 pola noite.

### Inicio na zona nova

A diferenza de anos anteriores, nesta edición a primeira fin de semana da ruta estará reservada en exclusiva para os bares situados na zona nova de Melide. Deste xeito, os días 13 e 14 de xuño tan só servirán tapas os seguintes establecementos: A Fundación, O Sapo Lambón, Café Bar Cantón, Bodegón Alongos II, Restaurante Novo Continente e Xamonería Os Garceiras.

Nas seguintes fins de se-

mana sumaranse o resto de locais; os ubicados na zona dos viños.

### Un euro por tapa

Outra das principais novidades

## O queixo da zona xogará un papel relevante e haberá premios especiais para os corredores dos 21 do Camiño

des é que por primeira vez se cobrarán as tapas. Custarán un euro cada unha. A presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, sinala que se dá así resposta a unha demanda formulada dende hai tempo polos hostaleiros e explica que “o cliente non debe entender isto como unha carga, senón como unha garantía de que lle servirán tapas máis elaboradas e de maior calidade”.

### Aposta polo produto local

O queixo con denominación de orixe Arzúa-Ulloa cobrará especial protagonismo no *Melide de Tapas*. Tanto é así

que este ano haberá un premio para o establecemento que mellor saiba integrar este produto na súa tapa. As outras dúas categorías a concurso serán a de Mellor Tapa e Tapa innovadora.

Para decidir cales son os petiscos premiados, contarase coa opinión dun xurado profesional, cuxo criterio contará un 50%, e cos votos emitidos polos clientes, que representarán o 50% restante.

### Tapear e votar ten premio

No momento de consumir a tapa, os clientes recibirán unha tarxeta de votación na que tamén poñerán os seus datos de contacto e que depositarán nunha urna. Deste xeito, ademais de contentar o estómago, tamén entrarán no sorteo dun lote de produtos ibéricos de Distribuciones “O Carrizo”.

Agora ben, se a súa implicación é maior e proban polo menos o 50% das tapas en concurso, poderán optar a unha noite para dúas persoas no Pazo de Eidián (Agolada) con cea e almuerzo incluídos máis a un lote de queixos Arzúa-Ulloa. Como se fai para entrar neste sorteo? Moi sinxelo: os consumidores terán



Portada do pasaporte que deberán completar os clientes

que pedir ao inicio da ruta un pasaporte (pódese conseguir en calquera dos locais participantes). Nel aparecen as fotos de todas as tapas. A medida que as vaian probando e visitando locais, irán estampando o selo de cada un deles nese caderno. Se ao remate da ruta teñen, como mínimo, dez selos, terán tamén dereito a entrar no sorteo. O pasaporte poderase entregar en calquera dos vinte bares que participan na ruta.

Xa que esta edición do

*Melide de Tapas* coincide coa media maratón *Os 21 do Camiño*, Asetem e a Asociación deportiva Cerne decidiron colaborar para ter un pequeno detalle cos corredores que participen nesta proba. Para eles haberá un pasaporte especial e só polo feito de probaren dúas tapas entrarán no sorteo dun premio sorpresa.

**Todas as tapas, na páxina 12!!**



O comercio de Melide completou cunha pasarela de moda un dos seus máis recentes retos: o de captar a atención da mocidade e convencela a través das novas tecnoloxías de que as tendas da vila son unha das mellores opcións para realizaren as súas compras.

Precisamente niso consistiu *Melide Moda*, unha iniciativa de promoción posta en marcha polo Concello que se desenvolveu durante os meses de abril e xuño co obxectivo de incentivar o consumo a través das redes sociais. Sendo así, o perfil de Facebook de *Melide Moda*, que conseguiu sumar 2.145 seguidores en dous meses, converteuse na principal plataforma dende a que amosar no día a día a variedade de oferta do comercio local.

*Melide Moda* incluíu visitas a todas as tendas da vila, sesións de fotografías, promo-

## Melide Moda consegue crear un *link* entre a mocidade e o comercio local



As 11 mozas e mozos da comarca que foron modelos por un día, sobre a pasarela da Casa da Cultura

ción nas noites das fins de semana ou creacións de looks con moda local. O broche final

púxoo un show de moda que se celebrou o 1 de xuño na Casa de Cultura e no que par-

ticiparon 14 comercios: Berencello, Casa das Luces, Modas Alfonso, Carola Moda, Colorín

Colorado, Alain Afflelou, Caprichos, Pasarela, Óptica Melide, Mis Mejores Labores, Sisuka, Tu Boutik, Aleia novias e Pastelería Trisquel.

Tamén sobre a pasarela estiveron algunhas caras coñecidas; as dos 11 mozos e mozas da comarca seleccionados a través do concurso *Top Ten Melide* para converterse en modelos por un día: David Mejuto, Tamara Fernández, Alba Carreira, María Cea, Paula Boado, Vanessa Vázquez, Cristina Calviño, Miriam Cea, Raquel Vázquez, Sara Fociños e Dani Cordero.

Outra das protagonistas do desfile foi a deseñadora local Paula Pájaro, que presentou ante os melidenses a súa última colección, inspirada nos mundos escuros e prohibidos e que lle valeu para facerse en Ferrol co primeiro premio do certame Jóvenes Diseñadores.

## Melidade de Tapas



**Cafetería Stop**  
Manitas de Santo con  
queixo Arzúa-Ulloa



**Bodegón Alongos II**  
Taco dourado mexicano



**Xamonería Os Garceiras**  
Sabores encontrados



**Casa Estilo**  
Tosta de zorza e pementos




**Novo Continente**  
Calamardo recheo



**O Sapo Lambón**  
Envolto de polo




**A Boa Viña / A Boa Vida**  
Tapa tradicional



**Cafetería Breogán**  
Tosta Breogán



**Café-Bar Cire**  
Espeto tres sabores



**Cervexería A Fundación**  
Descapotable picante



**Adega O Mandil**  
Tosta de Sampaio




**Bar A Esquina**  
A Magdalena de Anxo



**As Dúas Rúas**  
Cóctel de marisco




**Pensión Xaneiro**  
Trigueiros en salsa  
de queixo




**Bar Liñares**  
Exquisiteces do Liñares



**Bar Novo Valente**  
Salpicón de gambas



**Café Bar Cantón**  
Caza maior en salsa



**Chiquitín**  
Delicias de Xamón



**Cervexería Godiva**  
Bolboreta Godiva

**1€ / TAPA**

*Completa o 50%  
do pasaporte e  
opta a magníficos  
premios!!*

## O “pésimo” mantemento da ponte de Furelos

O Concello de Melide limpará e rozará nas próximas semanas a ponte medieval sobre o río Furelos. Tal foi o compromiso que asumiu a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, tralas críticas lanzadas polo BNG sobre o “pésimo estado de mantemento” dun dos elementos patrimoniais máis importantes de Melide e do Camiño. “Á ponte non se lle presta o coidado preciso”, sinalou o voceiro dos nacionalistas, Xosé Igrexas, “está chea de herbas e silvas que sería preciso retirar para garantir un



ótimo estado de conservación”. Os traballos requirirán a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio.

## Asfaltado novo para o campo da feira

Ante o “penoso” estado que presenta o asfaltado do campo da feira, tal e como recoñeceu a alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, o concello habilitou unha partida de 64.397 euros para renovar o firme da explanada e sinalizala. Habilitaranse tamén espazos para o aparcamento de coches, camións e autobuses. O orzamento necesario para os traballos sacouse do remanente de tesourería do ano pasado, que ascende a 366.650 euros e do que se botará man “en función das necesidades que xurdan”. Outros 80.660 euros destinaranse ao asfaltado de pistas no rural.



## O río Catasol recibe augas sen depurar

Os socialistas de Melide denuncian que dende hai máis de dous meses o río Catasol sofre constantes vertidos de augas sen depurar como consecuencia dun deficiente mantemento do sistema de saneamento “por parte das autoridades locais”. Segundo o PSOE, a antiga depuradora de Santa María, que ten presupostada a súa demolición, “recibe caudal de residuos que posteriormente acaban no río”. Denuncian tamén que a estación de bombeo non funciona de xeito correcto, “amosándose claramente desbordada”. O BNG súmase ás críticas e acusa ao executivo local de estar causando “un grave problema medioambiental” derivado “dunha xestión sen rumbo”.



### 90.000 euros en investimentos

Pola súa banda, o goberno municipal asegura que a rede de saneamento é unha das súas prioridades e como proba diso exhibe os 90.000 euros que se investirán en dúas obras, xa contratadas, para separar as augas pluviais das fecais na rúa Antonio Ponte e para arranxar o saneamento no Camiño de Santiago á altura de Furelos. Destacan tamén que axiña se demolerá a depuradora de Santa María, unha obra “que tería que estar acometida en 2007 e que só o goberno actual foi quen de lograr”.

Estas obras sumaranse a outras xa rematadas, como a realizada no instituto, onde se renovou o chan do pavillón para



O chan do pavillón do IES custou 12.000 €

dotalo dunha superficie de maior calidade “equiparable á dos ximnasios onde se practican deportes olímpicos”. Xunta, concello e IES pagaron a obra.

## Fomento descarta construír a rotonda de Santa María

O proxecto leva redactado dende o ano 2008 e incluso foron pagadas xa as indemnizacións aos propietarios dos terreos afectados, pero finalmente a rotonda de Santa María non se construír. O Ministerio de Fomento decidiu darlle carpetazo a esta actuación e así llo comunicou ao BNG en resposta ás preguntas formuladas sobre a cuestión no Congreso dos Deputados. Segundo os nacionalistas, Fomento argumenta que as deficiencias de seguridade nese punto se solucionarán unha vez que se constrúa a autovía Lugo-Santiago e se reduza o número de vehículos que circulan pola estrada nacional. O voceiro do BNG no Concello de Melide, Xosé Igrexas, considera que o problema no cruce de Santa María non é de volume de tráfico, senón “de visibilidade” e augura que se seguirán producindo accidentes. Pídelle ao PP “responsabilidade” e “que mire pola integridade das persoas”.

## Cuestionan a legalidade das cámaras da Casa da Cultura

O Concello de Melide terá que dar explicacións ante o Valedor do Pobo antes do día 15 deste mes sobre as cámaras de vixilancia instaladas na Casa da Cultura. Así o requiriu este organismo a solicitude da Asociación Movemento polos Dereitos Cívís, quen denuncia que tanto Melide como outros concellos como A Estrada, Lalín ou Carballo vulneran o dereito á intimidade dos cidadáns ao ter instalados dispositivos de videovixilancia en lugares públicos.

O goberno local argumentará que as cámaras están dentro do edificio, debidamente sinalizadas con carteis visibles, e que teñen por obxecto “mellorar a seguridade e a protección” do mesmo trala “gran cantidade” de desperfectos e roubos que se produciron nos últimos anos. Engade ademais que as cámaras aínda non están en funcionamento e que con elas só se persegue “un efecto disuasorio”.

## FOTO-DENUNCIA

### Ruínas contemporáneas



Xa lle gustaría aos gregos conservar as súas ruínas como conservamos nós as nosas. Na rúa Froito Novo hai unha auténtica xoia. É propiedade da Xunta e cumpriu a función de Cámara Agraria, aínda que leva sen uso dende 1985. Hai cinco anos redactouse un proxecto de reforma pero os trámites, ben se sabe, van lentos. Ou xa non van. A ver se a Conselleira do Medio Rural, nunha das súas moitas visitas a Melide, se para a admirar o monumento.

## Santiso rexeita as alegacións e os reproches da oposición á ordenanza da madeira

A corporación municipal de Santiso decidiu rexeitar, cos 5 votos a favor do equipo de goberno e os 4 en contra da oposición, as alegacións presentadas á ordenanza que regula a corta e a extracción de madeira nos montes do municipio.

Unha das alegacións foi presentada pola Confederación Española de Empresas de la Madera (Confemadera) e outra polo propio líder da oposición, Ovidio Leiva (PP), quen cualificou a norma de “lesiva para unha actividade económica fundamental no medio rural”. Os populares insisten así, como xa fixeran no debate inicial do documento, nas “consecuencias negativas” que ao seu xuízo traerá a ordenanza: “isto é unha ocorrencia máis deste goberno e un ataque ao intereses de Santiso”, argumentou Ovidio Leiva, “todas as fianzas e trámites que esixides vanas acabar pagando os veciños que vendan a madeira”.

Os populares consideran

que a ordenanza introduce moitas trabas para a corta da madeira e que fará que os montes deixen de ser atractivos para os empresarios. Por outra banda, aduciron que se trata dunha ordenanza “ilegal”, extremo que contradixo un informe de secretaría no que se recolle que a norma “non é discriminatoria” e que o concello ten competencia “para regular sobre os bens públicos e garantir a súa conservación”.

Ese é precisamente o principal argumento esgrimido polo goberno local par xustificar a necesidade da ordenanza, pensada para protexer as pistas: “aquí o que se intenta é preservar os dereitos de todos os veciños”, sinalou o alcalde, Manuel Adán, “este inverno tiven que facer moitas saídas derivadas da actividade dos madeireiros e sen unha ordenanza non podemos facer nada ao respecto”. A isto o concelleiro do PSOE Daniel Roibán engadiu: “o que traballe ben non vai ter problemas”.

## A comarca sae en defensa do partido xudicial de Arzúa



Vista xeral dos xulgados de Arzúa, na estrada de Lugo


Os gobernos de sete concellos da comarca decidiron deixar a un lado as diferenzas de cor política para loitar todos a unha pola permanencia do partido xudicial de Arzúa. Melide, Santiso, Toques, Boimorto, Touro, O Pino e Arzúa están dispostos a facer fronte ao Anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial que programa o ministro Ruíz Gallardón e que reduciría os tribunais de instancia ás capitais de provincia, suprimindo todos os demais.

Nunha reunión celebrada a finais do mes de maio, os alcaldes acordaron definir unha estratexia común que comezará por aprobar mocións nos respectivos plenos reivindicando a permanencia do xulgado. O primeiro en facelo foi o Concello de Melide que, coa unanimidade de todos os grupos políticos da corporación e a iniciativa do PP, trasladaralle ao Ministerio de Xustiza o malestar provocado por unha reforma “que non se compadece coas peculiaridades xeográficas de Galicia e que dificultará o acceso dos cidadáns á xustiza en condicións de igualdade”.

## Os troiteiros, amolados pola presenza de piragüistas no río Furelos

A Asociación de Troiteiros de Melide quere poñer fin á práctica ilegal de deportes náuticos nos tramos acoutados do río Furelos. Segundo aseguran os seus membros, é cada vez máis frecuente ver a persoas facendo piragüismo nas zonas próximas á presa do Ruzo, pozo de Luzdivina, presa de Furelos e presa do Folicheiro. O presidente da asociación, Xavier Pazo, recorda que a Normativa de Pesca Fluvial de Galicia prohibe realizar actividades deportivas nas augas declaradas como couto de pesca e insta á Xunta á que envía ao Furelos a Gardería de Medio ambiente para advertir aos piragüistas: “que busquen outra localización que non entre en colisión co dereito que temos os que pagamos para pillar troitas nun tramo de río reservado para iso”.

## O PP vence con claridade nas eleccións europeas



O Partido Popular foi, na Terra de Melide, o claro vencedor das eleccións europeas ao obter o 57,9% das papeletas. Con todo, os conservadores perderon polo camiño 1.029 votos con respecto ás eleccións do ano 2009, nas que a participación foi 7 puntos superior á desta convocatoria. Igual sorte correron os outros dous principais partidos políticos: o PSOE foi a segunda forza máis votada na comarca con 768 votos e o 16,38% dos apoios. Perdeu 594 votos. O BNG foi apoiado polo 7,72% dos votantes. Tivo 417 votos fronte aos 692 que recibiu nos anteriores comicios. Destaca o incremento na porcentaxe de votos brancos e nulos, que nalgún concello, como o de Toques, chego a rozar o 8%.

## Axente de emprego

Santiso, conxuntamente con Arzúa e Boimorto, solicitou unha subvención para contratar os servizos dun orientador laboral. De ser aprobada, o axente de emprego traballaría para os tres concellos e visitaría o de Santiso unha vez por semana. O seu labor complementaría o da persoa que xa vén prestando ese servizo de orientación laboral no municipio dende hai tempo. O PP criticou enerxicamente esta iniciativa do goberno local: “de nada vai servir que veña unha persoa un día á semana que non coñece o concello. Pasará que teñamos que renunciar á subvención que xa temos para iso”.

## Obras de asfaltado

O Concello de Toques acometerá en breve a reparación e asfaltado dos acceso a Paradela. O proxecto, dotado con 124.562 euros a cargo do plan DTC 93 da Deputación, foi aprobado no derradeiro pleno municipal. Na mesma sesión aprobouse tamén outro proxecto complementario por valor de 33.465 euros para reparar a pista que vai do Cruce de Tillería á Grela. Estas obras só se realizarán en caso de que haxa unha baixa “significativa” na contratación do proxecto anterior e o concello dispoña dos fondos necesarios para completar os cartos que falten ata chegar a eses 33.465 euros.

## Medidas de aforro

O goberno de Toques, encabezado por XCPT, acordou suprimir a dedicación parcial da concelleira do PP Ana Mato Salgado. Retirou tamén a asignación económica que percibía a edil pola xestión das áreas de xuventude e voluntariado. Esta medida contemplábase no pacto asinado a principios de legislatura polo bipartito toquense (PP e XCPT), no que se recollía que XCPT tería capacidade para decidir sobre esta cuestión cando collese o bastón de mando e para manter ou non a dedicación parcial. Ana Mato seguirá encargada desas dúas áreas pero sen retribución económica.

## Visións diferentes

Goberno e oposición de Santiso atoparon un novo punto de desencontro a conto do xeito en que se realizará o asfaltado de pistas do plan DTC 93 da Deputación. O PP reprochalle ó tripartito que contrate os traballos no canto de empregar a maquinaria propia do Concello: “estanse tirando moitos cartos”, aseguran, “porque o 40% do orzamento vaise no IVE, nos gastos xerais e no beneficio para a empresa”. O alcalde, Manuel Adán, di que as obras “requeren máis especialización da que nós temos” e que de facelas cos medios propios o resultado non sería bo. “Ás probas me remito”, asevera.

SabadellAtlántico SabadellHerrero SabadellSolbank SabadellGuipuzcoano SabadellCAM

## **B** Sabadell

Una cosa es decir que trabajamos en PRO de su negocio.  
Otra es hacerlo:

# Cuenta Expansión Negocios PRO.

Una cuenta que pone a su alcance financiación a la medida de su negocio.

**10%**

de su cuota. Hasta un máximo de 100 euros anuales por cuenta, con la cuota domiciliada.

+

**0**

comisiones de administración y mantenimiento.

+

**Gratis**

la tarjeta de crédito y de débito por titular y autorizado.

+

**TPV**

en condiciones preferentes.

Y muchas más ventajas. No en vano, la **Cuenta Expansión Negocios PRO** es la cuenta pensada para que despachos profesionales, autónomos, comercios y pequeñas empresas se hagan grandes.

Llámanos al **902 383 666**, identifíquese como miembro de su colectivo, organicemos una reunión y empecemos a trabajar.

Las excelentes condiciones arriba mencionadas de la Cuenta Expansión Negocios PRO se mantendrán mientras se cumplan los requisitos establecidos en el contrato. Actualmente, como mínimo se debe cumplir uno de los siguientes requisitos: un cargo en concepto de emisión de nómina, un cargo en concepto de seguros sociales, un cargo en concepto de impuestos o dos cargos en concepto de recibos. Estos requisitos son de cumplimiento mensual: si al tercer mes no se cumplen estas condiciones, automáticamente la Cuenta Expansión Negocios PRO pasará a ser una cuenta relación.

[bancosabadell.com](http://bancosabadell.com)



Captura el código QR y conoce nuestra news 'Professional Informa'

El banco de las mejores empresas. Y el tuyo.

**2<sup>o</sup> ANRRAIGOS**  
aniversario

Sorteo de 3 botellones Viña Costeira.  
Sorteo de lotes de cervexas internacionais.  
Concurso de bebedores de cervexa.  
Barra libre de cervexa = 10e.

**E ADEMAIS ...**  
Camisetas de regalo.  
Degustación de mojitos.  
Tarxetas desconto para Cult-Room.  
Pinchos a reventar.

**FESTA INFANTIL**  
Durante a tarde



## A ESQUINA E A BOA VIÑA CELEBRAN O ASCENSO DO DÉPOR A PRIMEIRA



A Boa Viña  
A Boa Vida



*Era un momento moi agardado e unha vez que chegou, a zona dos viños botouse á rúa para celebralo. A Boa Viña e o Bar Esquina organizaron cadansúa festa para darlle a benvinda a un Dépor de primeira e gozar en compañía de centos de persoas dunha noite do máis animada.*



Café-Bar  
Esquina



Alberto regalando unha camiseta



Peón e os seus colaboradores



# MODELL

Pub

melide

**Viernes 20 Junio 2014**

*Fiesta de aniversario*  
**CON:**

azafatas, regalos,  
go-go's, photocall,  
champán y muchas sorpresas más...

**SORTEO DE:**

# 500€



**Sábado 21 Junio 2014**

*Fiesta*  
**RON BARCELÓ**

azafatas, regalos directos,  
coctelero acrobático, go-go's,  
photocall y muchas sorpresas.



*70 Aniversario*



Rosalía de Castro, 3 - MELIDE  
(ZONA INSTITUTO / PISTAS DE PÁDEL)

Teléfonos: 663 628 759 / 646 13 08 36  
E-mail: centro.torredebabel@gmail.com



- **ACTIVIDADES DE VERANO**

¡¡Aprende inglés de una forma divertida!!

- Talleres de teatro
- Canciones
- Juegos al aire libre
- Representaciones de musicales
- ¿Quién es quién?
- Adivinar palabras
- Mímica
- Juegos de mesa

- **Profesorado cualificado** con amplia experiencia nacional e **internacional**.

- **CLASES DE RECUPERACIÓN**  
Todos los niveles

- **EXÁMENES OFICIALES**

**Preparación. Adultos.**  
**Nos ajustamos a tus necesidades.**

- **Alto porcentaje de APROBADOS**

Los excelentes resultados son  
nuestra mejor publicidad.

*Ser  
impecable  
está  
de moda*  
**CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA**

[www.plagostel.com](http://www.plagostel.com)

**Plago**  **stel**  
N.R.S. (0177-GAL-SPD)

Analíticas alimenticias Laboratorio  
Legionela Control de plagas  
Manipulación alimentos Formación

Comercial@plagostel.com / 986 118 714 / 698 163 399



## Os 21 do Camiño busca consolidarse no Top Ten das carreiras galegas

En tan só unha edición a media maratón “Os 21 do Camiño” conseguiu situarse no Top Ten das carreiras máis valoradas polos corredores de Galicia, quen cos seus votos a través dunha das páxinas web de referencia para os runners galegos, [correrengalicia.org](http://correrengalicia.org), a situaron no posto número 10 de 108 entre as mellores probas da comunidade.

Agora esta competición organizada pola Asociación Deportiva Cerne afronta a súa segunda edición con varias novidades e o reto de multiplicar o número de participantes ata chegar aos 500 (o ano pasado foron 278). A cita adiantase desta volta de setembro a xuño, por razóns organizativas e de climatología, e celebrase o vindeiro día 28 entre Palas de Rei e Melide. Cun percorrido de 21.097 metros sobre un escenario de excepción, o Camiño de Santiago, repartiranse 1.100 euros en premios, con recoñecemento



Participantes antes de tomar a saída na carreira de 2013

especial ao primeiro corredor empadroado na comarca de Melide ou da Ulloa que cruce a liña de meta.

### Concurso de fotografía

Os 21 do Camiño terá tamén este ano o seu propio concurso de fotografía, organizado en colaboración coa Asociación Enfócame de Melide. Premiaranse as tres mellores instan-

táneas realizadas durante o transcurso da proba. Tamén como novidade, haberá unha carreira para nenos/as, con tres categorías diferentes, distancias inferiores aos 1.000 metros e saída do centro de Melide.

As persoas interesadas en participar no evento deberán inscribirse a través de [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com) antes do 25 de xuño.

## A II Concentración Moteira traerá á vila ao mellor dos acróbatas europeos

Melide conságrase como punto de encontro para moteiros de toda Galicia. E non é por casualidade. Boa parte do mérito recae no traballo realizado polo Motoclub Millí Riders, que organiza para os días 20,21 e 22 de xuño a segunda concentración moteira da vila.

Serán tres días cargados de actividades que terán como escenario o Pazo de Congressos e que comezarán cunha cea de confraternidade para as persoas inscritas. O sábado, día central, terá como prato forte o show acrobático de Paulo Martinho, pioneiro do freestyle en Portugal e famoso en toda Europa por executar o que na actualidade se considera o maior espectáculo motorizado do mundo protagonizado por un só home. Realizará unha dobre sesión: ás 17:30 horas e ás 22:30, xusto antes da cea que dará paso ao concerto dos grupos locais ITH e Peta Z Top, co seu tributo a ZZ Top.



Paulo Martinho foi o pioneiro do freestyle en Portugal

O sábado dará moito máis de si, xa que durante toda a mañá se poderá visitar unha feira-exposición con material relacionado co mundo do motor e ás 16:00 horas haberá un show lavamotos, preludeo do peche da xornada pouco despois da media noite cun espectáculo de striptease.

A segunda concentración moteira dos Millí-Riders

tamén se deixará ver polas estradas da comarca, pois hai programadas dúas rutas que visitarán os concellos veciños. A primeira sairá o sábado ás 18:30 horas. Repetirase ao día seguinte ás 11:00 con diferente percorrido e facendo paradas. Para poñer punto e final ao evento, farase unha entrega de premios aos participantes na concentración.

## PAVILLÓN POLIDEPORTIVO



Melide converteuse este ano no punto de saída e chegada da última etapa da Volta Ciclista á provincia da Coruña, que se celebrou os días 6, 7 e 8 de xuño e que gañou por segundo ano consecutivo José Antonio De Segovia, do Supermercados Froiz. O percorrido da xornada final, de 128,5 km, transcorreu tamén por lugares da comarca como Arzúa, Boimorto, Toques e Sobrado. A etapa melidense non aportou cambios significativos na clasificación xeral, pois o pelotón chegou compacto á liña de meta, pero si proporcionou un interesante sprint que se adxudicou David Santilla, do Gsport.



Escuela Ayude vén de conseguir un novo éxito grazas a unha das súas deportistas máis laureadas, Patricia López, que despois de proclamarse campioa de España de loita olímpica e Kick Boxing, logrou facer historia na esgrima galega ao meterse na final a 8 do campionato de España desta disciplina, celebrado en Segovia os días 7 e 8 de xuño. López perdeu por un axustado 15 a 14 fronte á representante de Madrid, que posteriormente se faría coa medalla de ouro. Co equipo galego desprazado a Segovia tamén participaron dous tiradores do Compostela Esgrima: Hakima Rey, que quedou en 29ª posición e Lucas Febrero, 24º.



O polideportivo de Souto, en Toques, acolleu o pasado 24 de maio a final da III Liga Adarve de tiro con arco por equipos, na que participaron sete agrupacións procedentes de Teo, Larcha, Ordes, Boimorto e Carral. O equipo “Costa da Morte” alzouse co título contra todo prognóstico derrotando ao campión da edición anterior e establecendo récord de puntos.

## Os Tromentelos condensan dez anos de experimentación en *Folk de Velcro*

Os Tromentelos estean disco; *Folk de Velcro*, o resultado da experimentación, da evolución e da madurez musical dun grupo con estilo definido e orixe difusa.

“Comezamos hai uns dez anos”. Os propios membros da formación non atinan a precisar o inicio dun proxecto ao que deron vida como grupo de amigos con paixón pola música. Comezaron a tocar por gusto, a ensaiar, a probar e cando se deron de conta xa eran os Tromentelos; un quinteto de música tradicional galega que co paso do tempo foi incorporando novos instrumentos (saxo, guitarra, baixo, batería) e evolucionando cara a un estilo folk sen traizoar nunca as súas raíces.

Xa con esa nova fórmula deron o seu concerto de debut en agosto de 2008, en Melide. E Melide volveu ser o lugar escollido para presentar seis anos despois o seu primeiro



Tromentelos e colaboradores na presentación de Folk de Velcro

disco, un traballo que reflicte as inquedanzas do grupo e o seu “gusto polo eclético”. Leva por nome *Folk de velcro*, un título que alude “á filosofía de mesturar e remexer, de pegar e despegar tras anos de experimentación ata chegar á composición actual, tanto como grupo como no estilo que nos define”, explica Ra-

quel Borrajo, unha das integrantes dos Tromentelos. Baixo ese paraguas dáse forma e sentido a unha formación heteroxénea integrada por artistas que proveñen da música tradicional, das bandas populares e mesmo do rock e do jazz. “O velcro é o elemento que nos une a todos”, asegura Raquel, para quen este disco

é tamén resultado de ter atopado “a fórmula axeitada e o grao de madurez necesario”.

O folk de velcro é tamén unha marca de identidade propia que xa se deixou sentir na última edición do prestigioso festival intercéltico de Lorient, onde os Tromentelos tocaron na carpa de Galicia. Volveu da Bretaña para quedar e o pasado 30 de maio foi protagonista absoluto dun concerto no que a Casa da Cultura de Melide se converteu nun acolledor salón para presentar e dar a benvida ao novo traballo discográfico.

Tan orixinal posta en escena non perseguía máis cá proximidade cos espectadores: “quixemos recrear un ambiente cálido e comfortable”, explica Raquel, “invitar ao público a que se trasladase ao salón dos Tromentelos e que disfrutase dunha ocasión tan especial para nós. Era un día de celebración e, xa se sabe, as festas coma na casa...”.

*Folk de velcro*: nove cancións da mellor música para acompañar de infusión de tromentelo no salón da nosa casa.

## “Monumenta” pon en valor o patrimonio artístico local

O domingo 15 de xuño terán lugar en Melide as actividades do programa “Monumenta”, co que a Consellería de Cultura quere poñer en valor o patrimonio cultural galego e que no caso da vila se centrará na igrexa de Santa María. Ás 18:00 horas sairá do cruceiro de San Roque un paseo musical con parada nos puntos clave da historia local, explicacións de varios convidados e o acompañamento da música en directo de Os Trécolas. Xa chegados á igrexa de Santa María, presentaranse ás 20:00 horas os traballos de investigación sobre patrimonio realizados polo alumnado do CEIP A Martagona. Ao remate, o templo acollerá un concerto participativo e integrador coa música da Bretaña como protagonista.

## Converterase a vila en plató de cine?

O casco vello de Melide e algúns dos seus lugares máis emblemáticos poderían converterse nun gran escenario cinematográfico sobre o que recrear a vida de Antonio Machado.

Con motivo do 75º aniversario do falecemento deste poeta andaluz, a produtora Saguel film prepara a rodaxe dunha película e o pasado 7 de xuño os seus representantes estiveron en Melide para buscar localizacións. Coa alcaldesa, Ánxeles Vázquez, como

anfitroia, visitaron as prazas do Convento e das Coles, Leboreiro, Furelos, Santa María e a Carballeira de Baltar.

A decisión non tardará moito en chegar, pois prevese que a rodaxe do filme, que durará 8 semanas, comece a principios de outono. No camiño de Melide só se pode interpoñer unha aldea de Asturias que os produtores tamén visitaron. Se a película se grava finalmente aquí, Saguel Film xa anunciou que os papeis secundarios e a figuración se contratará entre os habitantes locais.

No interese que amosou a produtora por Melide tivo moito que ver o director da Orquestra Sinfónica, Fernando Vázquez Arias. El será o encargado de dirixir a xira de concertos que se realizará por toda España para presentar a banda sonora orixinal da película, composta polo ruso Andrey Baturin, que traballou para películas como *El guardaespaldas*.



Rosa García, de Saguel Film, coa alcaldesa e Fernando V. Arias

## Melide e Toques celebran as xuntanzas da 3ª idade



Toques



Melide

Os maiores da comarca recibiron o verán coas tradicionais xuntanzas da 3ª idade. Máis de 800 persoas participaron no encontro organizado en Melide pola Concellería de Benestar, no que este ano se quixo facer unha pequena homenaxe aos matrimonios que levan máis de 50 anos casados. A realidade superou todas as expectativas e foron máis de 80 parellas, segundo o concello, as que cumprían tal requisito e se achegaron ao Pazo de Congressos para recibir un pequeno agasallo por toda unha vida xuntos. No xantar estiveron tamén unha veciña de Maceda e un veciño de Trasmundi que superan os 100 anos. Moi concorrida foi tamén a festa da 3ª idade de Toques.

## Ruta de tapas CASCO VELLO

# de melide



## Entrega

## de premios

### **BAR LIÑARES**

1º PREMIO XURADO PROFESIONAL

3º PREMIO XURADO POPULAR



### **CASA ESTILO**

1º PREMIO XURADO POPULAR



### **AS DÚAS RÚAS**

2º PREMIO XURADO PROFESIONAL



### **CHIQUITÍN**

2º PREMIO XURADO POPULAR



### **BAR ESQUINA**

3º PREMIO XURADO PROFESIONAL



Ruta de tapas  
CASCO VELLO  
de melide



## Carta al Concello de Melide

José Manuel Ayude, director técnico de Escuela Ayude

La Escuela Ayude de Melide es una entidad deportiva sin ánimo de lucro dedicada única y exclusivamente a la promoción del deporte, la socialización de los jóvenes y la potenciación de valores individuales a través de la práctica deportiva. Lleva años haciéndolo y dando la oportunidad de realizarse deportivamente a más de 100 jóvenes a través de seis disciplinas deportivas, compitiendo actualmente en todas y en tres de ellas a nivel internacional.

Esta escuela ha formado a varios medallistas nacionales en diferentes deportes, ha proporcionado alumnos becados por la Xunta en su programa de tecnificación en

Pontevedra, deportistas de esta escuela han representado a Galicia y a España en diferentes ocasiones, organiza competiciones (la Copa Diputación, campeonatos gallegos), ha sido propuesta para mejor entidad deportiva de promoción del deporte base por la Xunta de Galicia y edita su propia revista (*Ayudeporte*), en la que informa de los logros deportivos del centro de Galicia. En resumen, Escuela Ayude lleva años haciendo que el Concello de Melide sea un referente deportivo de calidad por todo el territorio nacional y ha puesto al servicio de los más jóvenes deportes a los que sólo se puede acceder en las grandes ciudades.

Los medios de comunicación atestiguan todo el trabajo realizado por esta escuela durante los últimos años, en los que ha recibido el reconocimiento de la Secretaría Xeral para o Deporte y de los representantes de los concellos en los que ha competido. Sin embargo aquí, en nuestro concello, pasa todo lo contrario a pesar de que la mayoría de las hojas del deporte melidense están escritas por esta escuela.

Es por todo ello que Escuela Ayude se siente huérfana de apoyo local, ya que todo este trabajo ha sido realizado sin ningún tipo de apoyo por parte del gobierno municipal ni reconocimiento a sus de-



portistas, gobierno que desoye y se muestra indiferente ante la ilusión de los más jóvenes, gobierno que no atiende a las necesidades de este colectivo y que responde dando largas ante los intentos de acercamiento para mejorar los servicios deportivos y las oportunidades de nuestros jóvenes. Esta escuela sufre el agravio comparativo de otras entidades que sí son apoyadas y que disfrutan de unas instalaciones profesionales para sus prácticas deportivas, como

debe ser y de lo cual nos alegramos. Esperamos que el trato sea igual para todos.

Escuela Ayude debe decir también que el actual gobierno de Melide ha sido el que menos se ha comprometido y el que menos ha apoyado al deporte en cuanto a nuestro centro se refiere. Por este motivo, queremos informar a los vecinos del mérito doble que tiene Escuela Ayude al seguir ofreciendo a los más jóvenes la oportunidad de utilizar el deporte como compañero de viaje y de esa manera contribuir a su formación en cuanto a vida y hábitos saludables se refiere. Está claro que "Dios le da pan al que no tiene dientes". Si esta actitud persiste, Escuela Ayude se verá abocada a buscar apoyos en concellos vecinos que sepan apreciar y apoyar el gran trabajo que se está haciendo desde esta escuela de deportes.

## Desistiron de pensar

Minia Varela Antas, profesional autónoma

Aqueles que estamos comprometidos coa defensa da vida e da familia e cos valores que fan xusta a sociedade humana, a miúdo nos xorden varias preguntas: como é posible que isto estea a suceder? Como é posible que esta persoa se estea a comportar desta ou desta outra maneira, que haxa tanta corrupción e tanta indiferenza para co outro ser humano...? Persoas adestradas nunha disciplina e que estean a facer o contrario do que di o seu código deontolóxico.



Como é posible ter institucionalizado o roubo e a morte...? Pódenos parecer que esta é xente monstruosa. Pódenos parecer un misterio..., e buscamos causas ideolóxicas para xustificar o que está a suceder,

pero mesmo iso non parece ser suficiente para dar unha explicación satisfactoria.

E sorprendémonos ao atoparnos con seres humanos comúns, persoas que non teñen nada de monstro ou sociopatías. Que é o que está detrás de todo isto? Que maldade é esta? Na maioría dos casos, nada... é unha maldade banal. E, iso, é o realmente perigoso, estas persoas non están movidas polo odio irreprimible ou por patoloxía ningunha. E a superficialidade, é igualmente

perigosa. Unha maldade tras a que non se esconde a tolemia nin patoloxía ningunha, senón a radical ausencia de pensamento. Son accións superfluas, cometidas por persoas incapaces de dar unha resposta propia a unha situación moral conflitiva.

Quizais o maior problema da nosa sociedade non é o materialismo ou o hedonismo, senón o que está detrás diso: moitos mozos e moitos adultos que desistiron de pensar. E quizais sexa por iso que a nosa tarefa principal debe ser a de ensinarlle á xente a pensar, e facelo tamén nós mesmos: pensar as cousas por nós mesmos, dar as nosas propias respostas aos problemas cos

que nos enfrontamos, non aceptar cegamente os patróns dados pola sociedade. Necesitamos ensinarlle á xente a cuestionar as cousas.

A forma máis segura para cambiar o mundo é tamén a máis difícil, porque como xa dixo Arendt, "non hai ningún pensamento perigoso, pensar é perigoso". Isto pode levarnos a descubrir cousas que non queremos afrontar. Polo tanto, debemos estar dispostos a aceptar a verdade unha vez que deamos con ela. Isto non é fácil, esixe coraxe e esforzo, pero é o único xeito de que a nosa sociedade adquira fundamentos suficientemente sólidos como para que poidamos construír sobre ela.

<p><b>DESENGRASANTES</b></p>	<p><i>Calidad Natural</i></p>	<p><b>LIMPIADORES Y ABRILLANTADORES MULTISUPERFICIE</b></p>		<p><i>Campes con Unicidade de Felices</i></p> <p><b>Proquintas</b> QUÍMICA INDUSTRIAL</p> <p><a href="http://www.proquintas.com">www.proquintas.com</a> <a href="mailto:info@proquintas.com">info@proquintas.com</a></p> <p>Tel. 981 50 27 50 Fax. 981 50 62 04</p> <p>Eol. Matagorda s/n 15300 Melide A CORUÑA</p>
<p><b>LIMPIEZA DEL AUTOMOVIL TAPICERIAS SALPICADEROS LLANTAS</b></p>	<p><b>AMBIENTADORES</b></p>	<p><b>CELULOSA Y ACCESORIOS</b></p>	<p><b>DETERGENTES LAVAVAJILLAS ABRILLANTADORES</b></p>	

ANTONIO ROMERO, ROMERO ZAPATERÍAS

## “Romero sempre foi para os clientes sinónimo de calidade e seriedade”

Savia nova para un negocio cunha traxectoria centenaria e para un apelido asociado dende 1895 ao calzado de calidade. Dende a súa nova tenda no número 29 da Ronda da Coruña, Romero Zapaterías conxuga o mellor da tradición coas últimas tendencias para seguir sendo un referente na venda de calzado en todo o interior de Galicia. Sempre fiel á máxima de ofrecer a mellor relación calidade-prezo, o actual xerente do establecemento non escatima esforzos á hora de seguir as modas e traer para a súa zapatería todas as novidades en calzado. Falamos no Cerne con Antonio Romero.

**-O apelido Romero asociouse sempre en Melide ao calzado. A cando se remonta esta tradición familiar?**

**-Antonio Romero (A.R.):** A primeira tenda de Romero en Melide abriu en 1895. Os grandes impulsores do negocio foron Ramón Romero Abeijón e o seu fillo, Faustino Romero Romero. Ademais de vender, dedicábanse tamén á fabricación de calzado e chegaron a ter ata 30 empregados. Nos anos seguintes deron en mercar peles e acabaron montando unha fábrica de curtidos no río Furelos. A calidade das solas e dos coiros fixo que axiña comezaran a abastecer ás mellores zapaterías de toda España. Ata mediados dos anos 60 só comercializaron zapatos de fabricación propia. Despois empezaron a vendelos de fabricación externa e finalmente no ano 2006, e ata a actualidade, voltamos a fabricar calzado.

**-Conserva a nova tenda algo desa longa bagaxe ou apostan por un concepto de zapatería diferente?**

**-A.R.:** Coa historia que hai detrás do nome Romero, non sería xusto deixar de lado a tradición familiar. Para os clientes Romero sempre foi sinónimo de calidade e de seriedade no produto. Esa é unha garantía coa que xa comezamos. Na tenda nova intentamos conxugar esa tradición herdada cun novo concepto de negocio.

**-Que tipo de zapato pode atopar o cliente na súa tenda?**

**-A.R.:** Dirixímonos a todo tipo de público; dende xente nova que marca tendencia ata persoas de máis idade que demandan confort. En consecuencia,



En Romero Zapaterías pódese atopar unha gran variedade de calzado para home e muller

na nosa tenda pódense atopar todo tipo de zapatos, dende o máis clásico ata o máis rompedor. Atendemos ao que nos demandan, pero intentamos sempre ofrecer un bo produto.

**-Que criterios seguen para elixir as marcas coas que traballan?**

**-A.R.:** Que teñan unha boa relación calidade-prezo é fundamental. Esa é unha das nosas máximas prioridades dende 1895. Tamén estamos moi pendentes da moda e do que se leva cada tempada. En xeral gústanos traballar coas mellores marcas do mercado.

**-Hai algo que diferencie o calzado de Romero do que poidamos atopar noutras zapaterías?**

**-A.R.:** Traballamos marcas en exclusiva, o que significa que

hai certo tipo de calzado que por aquí non se pode atopar en ningunha outra tenda.

**-Como vén a moda en calzado para este verán? Que se vai levar?**

**-A.R.:** Para a muller vén o zapato con moito tacón e plataforma. Tamén volven con forza as “cangrejas”, que xa estiveron de moda nos anos 80. Veñen en todas as súas múltiples versións: con tacón, con pisos bloque, planas... ademais tamén se levan os deportivos e o calzado con moitos brillos. No caso do home, as tendencias para este verán son os náuticos, os zapatos de corte máis sport e as zapatillas de cores rechamantes e contrastadas. Unhas das inspiracións este verán son os deportes, así que tamén se verán moito os tenis deportivos.

**-Que busca o cliente de hoxe en día nun zapato? Tendencia, comodidade, calidade...?**

**-A.R.:** A maioría dos clientes buscan a combinación deses tres factores. Queren un zapato que estea á última en canto ao deseño pero sen renunciar á comodidade nin á calidade. Dito así parece moito pedir, pero é máis fácil do que imaxinamos atopar zapatos que reúnan as tres características. Na nosa tenda todo o calzado cumpre eses requisitos.

**-Venden algún outro produto ademais de zapatos?**

**-A.R.:** Si, en Romero Zapaterías o cliente tamén pode atopar diferentes tipos de complementos e un gran surtido de produtos de trekking e tempo libre.

“A boa relación calidade-prezo é a nosa máxima prioridade dende que comezamos no ano 1895”

“Seguimos as tendencias e a moda en calzado igual ca calquera zapatería dunha gran cidade”

**-Como se enfrontan as zapaterías tradicionais á oferta de produtos de baixo prezo e ás franquicias que colonizan as grandes superficies?**

**-A.R.:** Para as zapaterías tradicionais e para o pequeno comercio en xeral, as grandes superficies representan un gran cabalo de batalla. Moita xente pensa que alí vai atopar produtos que non ten no comercio do lado da casa, pero isto non ten por que ser necesariamente así. No noso caso, seguimos a moda e as tendencias en calzado igual ca calquera zapatería dunha gran cidade ou centro comercial.

**Romero Zapaterías**  
Ronda da Coruña, 29  
Tif: 981 50 53 56



## IMPRESIONANTE 9º ANIVERSARIO

Simplemente queremos agradecer o voso apoio e darvos as grazas a todos/as os que asististes e pasastes ao noso carón gran parte da noite.

Prometémovos que imos seguir facendo as cousas o mellor posible para que dentro doutro ano poidamos celebrar o 10º por todo o alto!!!



**SÁBADO  
14 DE XUÑO**

**FESTA IMAGEN LICOR 43**

**AZAFATAS, FOTOS PERSONALIZADAS, REGALOS**

CATA DE NUEVOS VINOS



**27 Junio**  
21:00 horas

*¡No te lo pierdas!*  
te invitamos  
a celebrar la cataría

RB Rioja Reserva Selección  
(Crianza)  
Lacor Crianza  
(Crianza)  
Marqués de Valparaíso Crianza  
(Crianza Reserva)



Przaz da Herba 10  
15800 Melide (A Coruña)  
tel.: 619 360 079

FRANCO, ESPAÑOLAS  
VINOS



**GRAN ÉXITO  
DA FESTA DE  
ASCENSO DO  
DEPORTIVO!**

**NO MES DE XULLO**

*A Boa Viña celebra*

**I FESTA  
DO ALBARIÑO**

(Proximamente  
anunciaremos o cartel  
con data e marcas de  
viños albariños)

